



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 28 de novembro de 2016

HORA DE COMEZO: 19:05 h.

HORA DE REMATE: 19:30 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria accidental, D^a María Rodríguez Gómez e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 7 E 14 DE NOVEMBRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 7 e 14 de novembro de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

Dáse conta de solicitude presentada o día 16.11.2016 por D.A.P., na que demanda autorización municipal para concesión de pasaxe permanente ou sinalización de carga e descarga diante do almacén da súa empresa sito en rúa Arrecife, nº 12-baixo A-Cangas.

Así mesmo, dáse conta de informe emitido o día 18.11.2016 pola Policía Local, que di o seguinte:



Concello de Cangas

"Nº REX: 2217/2016

ASUNTO: PASAXE PERMANENTE RÚA ARRECIFE, Nº 12-BAIXO A

A Policía Local de Cangas con relación a solicitude presentada por D.A.P., onde solicita a concesión de un pasaxe permanente de acceso ao local ou o pintado de carga e descarga para deixar e recoller material, infórmase que non procede o solicitado por non haber rebaixe da beirarrúa e a entrada da porta de acceso ten menos metros que un vehículo.

Facer constar que a menos de 4 m. hai unha sinalización de carga e descarga".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015 e de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a solicitude realizada polo Sr. A.P.

3º.- INFORMES DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE INGRESOS S/SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA COA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS

3.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINO PÚBLICO LOCAL

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Xestión de Ingresos Municipal, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

De conformidade coa *ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DAS TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA* do Concello de CANGAS, as autorizacións estarán supeditadas ao indicado no seu:

ARTIGO 10. SUSPENSIÓN E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN

1. Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, festexos populares, situacións de emerxencia ou calquera outras, a



Concello de Cangas

autorización municipal quedará sen efecto ata que desaparezan ditas circunstancias, sen que xere dereito a indemnización ningunha.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR DIANA NOVAS PORTELA (CAFETERÍA "EL PASEO"), con NIF nº 53119251S, en representación de "E. Paseo, SB", para a ocupación de 20,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 23-Cangas, desde o 1 de outubro do ano que andamos ao 31 de maio de 2017.

A Ordenanza Municipal Reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP 27.07.2012), nos artigos 3 e 4, regula as solicitudes e autorizacións do aproveitamento de terreos tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos.

Así mesmo o artigo 12, punto 2 (Ocupación con terrazas en beirarrúas/rúas), **indica que será de carácter obrigatorio deixar como mínimo un espazo de 1,80 m. libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.**

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J.R.O.O. (BAR ALONDRAS) en representación de "BAR ALONDRAS, CB" para a ocupación de 8,00 m²., con mesas e cadeiras diante do seu local en Rúa Montero Ríos nº 8-Cangas, desde o 1 de outubro do ano que andamos ao 31 de maio de 2017.

A Ordenanza Municipal Reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP 27.07.2012), nos artigos 3 e 4, regula as solicitudes e autorizacións do aproveitamento de terreos tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos.

Así mesmo o artigo 12, punto 2 (Ocupación con terrazas en beirarrúas/rúas), **indica que será de carácter obrigatorio deixar como mínimo un espazo de 1,80 m. libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.**

6.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J.P.F. (CAFETERÍA-HOTEL "JUCAMAR") para a ocupación de 24,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. de Marín, nº 5-Cangas, desde o 1 de outubro do ano que andamos ao 28 de febreiro de 2017.

A Ordenanza Municipal Reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP 27.07.2012), nos artigos 3 e 4, regula as solicitudes e autorizacións do aproveitamento de terreos tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos.

Así mesmo o artigo 12, punto 2 (Ocupación con terrazas en beirarrúas/rúas), **indica que será de carácter obrigatorio deixar como mínimo un espazo de 1,80 m. libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.**



Concello de Cangas

7.- SOLICITUDE PRESENTADA POR G.P.C. (BAR CAFÉ "QUE FOI?"), en representación de "Gema Portela, SL", para a ocupación de 16,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. de Marín, nº 5-Cangas, desde o 1 de outubro do ano que andamos ao 28 de febreiro de 2017.

A Ordenanza Municipal Reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP 27.07.2012), nos artigos 3 e 4, regula as solicitudes e autorizacións do aproveitamento de terreos tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos.

Así mesmo o artigo 12, punto 2 (Ocupación con terrazas en beirarrúas/rúas), **indica que será de carácter obrigatorio deixar como mínimo un espazo de 1,80 m. libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.**

8.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M.B.R. (CERVEXERÍA "O GHATO DE MAR" en rúa Antonio Nores, nº 16-Cangas), en representación de "Rinoceronte Editora SLU", para a ocupación de 33,50 m²., con mesas e cadeiras, nos Xardíns de Andrea, desde o 12 de decembro do ano que andamos ao 12 marzo de 2017.

A Ordenanza Municipal Reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP 27.07.2012), nos artigos 3 e 4, regula as solicitudes e autorizacións do aproveitamento de terreos tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos.

Así mesmo o artigo 12, punto 3, parágrafo 1 (Ocupación con terrazas en prazas públicas e zonas axardinadas), **indica que a instalación de mesas e cadeiras pode ser autorizada respectando, entre outros, o tránsito dos viandantes e demais características da praza.**

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostalería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entrego no mesmo estado en que se recibe.



Concello de Cangas

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2017, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licencias para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de revogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexeirá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.



Concello de Cangas

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

URBANISMO E PATRIMONIO

4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

4.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:



Concello de Cangas

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a **SUSPENSIÓN INMEDIATA** das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.713. - LICENZA MUNICIPAL Nº 24.602. - A L.S.S., con enderezo en Trigás, nº 9-Coiro, modifícaselle a referida licenza segundo a documentación visada en data 4 de novembro de 2016, no sentido en que as superficies quedan da seguinte maneira: 103,03 m²., de semisoto, 120,50 m²., de planta baixa e 37,96 m²., de terraza.

EXPEDIENTE Nº 26.115.- LICENZA MUNICIPAL Nº 24.898.- A "GAS GALICIA SDG SA, con enderezo en Travesía de Vigo, nº 204 -Vigo, modifícaselle a referida licenza segundo a documentación de data 21 de novembro de 2016.

EXPEDIENTE Nº 23.350.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.546.- A A.P.Á. E M.C.P.C., con enderezo en Baixada á Praia de Nerga, nº 58-O Hío, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras incluídas na referida



Concello de Cangas

licenza, de conformidade co disposto no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.

4.B) LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 20.542.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR "REAL III SL".- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 17 de novembro de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a "Real III SL", con enderezo en Rúa Doutor Cadaval, nº 7-1º-Vigo, para vivenda sita en Vilanova-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal nº 20.884.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

4.C) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 26.121.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove M.A.G.R., con enderezo en rúa Norte, nº 57-Bueu e que consiste nunha división en dúas parcelas: nº 1 de 713,00 m²., e parcela nº 2 de 713,00 m²., procedentes de un predio matriz de 1.426,00 m²., sita no Igrexario, nº 31-O Hío, regulada pola ordenanza URNU.

A cesión correspondente á parcela nº 1 é de 86,91 m²., e a cesión da parcela nº 2 é de 97,92 m².

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto S.T.P. de setembro de 2016 e plano modificado presentado en outubro de 2016.

Segundo.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos levará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello antes da concesión da licenza de obras.



Concello de Cangas

4.D) RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN

4.D.1) EXPEDIENTE Nº 25.869.- RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN INEFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA CON EXPEDIENTE Nº 25.869

Examinado o recurso potestativo de reposición interposto por M.C.C. S.contra resolución de data 26 de setembro de 2016 polo que se declara a ineficacia da comunicación previa para obras de reparación de paredes e substitución de cuberta en edificación, sita en Camiño da Fonte de Espiñeira-Aldán.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O pasado 1 de marzo de 2016 M.C.C.S., presenta comunicación previa de obras menores sen documentación técnica para reparación de paredes e substitución de cuberta en edificación, sita en Camiño da Fonte de Espiñeira-Aldán, sendo as obras obxecto dun expediente de restauración e de legalidade remitido á APLU.

SEGUNDO.- Iniciado expediente de declaración de ineficacia por resolución da Alcaldía de data 18 de agosto de 2016 por contar, as obras solicitadas, cunha orde de demolición da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (POL/39/2014-RP1), M.C.C.S. formula alegacións con data 12 de setembro de 2016, rexistro de entrada nº 12.354.

As alegacións foron desestimadas na Resolución da Alcaldía de data 26 de setembro de 2016, notificada á interesada en data 4 de outubro, no que se declara a ineficacia da comunicación previa.

TERCEIRO.- Dentro do prazo conferido aos efectos M.C.C.S. con data 3 de novembro do 2016, rexistro de entrada nº 14.938 formula recurso de reposición fronte dita resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

I.- A competencia para a resolución do recursos de reposición presentado de conformidade co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015 corresponde á Xunta de Goberno Local "*Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán seren recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase...*".

II.- No recurso interposto por M.C.C.S., na súa condición de interesada se aprecia a concorrencia dos requisitos determinantes da súa admisión a trámite,



Concello de Cangas

como a personalidade suficiente e a lexitimación activa na causa como parte recorrente.

III- Segundo o disposto no art. 26.2 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, unha vez transcorrido o trámite de audiencia dado ó comunicante e á vista a non modificación das deficiencias detectadas e visto o informe do inspector municipal de data 20 de xullo de 2016, deberá ditarse resolución administrativa onde se constaten os seguintes extremos:

- A NON VALIDEZ ou INEFICACIA da comunicación previa efectuada.
- A obriga do comunicante ou infractor de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da correspondente actividade.
- Imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo entre tres meses e un ano.

IV.- As alegacións da recorrente se sintetizan nos seguintes aspectos:

- Non ter coñecemento da incoación de ningún expediente de restauración ou de sanción sobre a súa persoa.

A este respecto cómpre sinalar que foi a R.M.C., como promotor da obra, a quen se lle comunica dita orde de restitución por parte da APLU e o mesmo negou ser o propietario da parcela. Esta alegación en nada desvirtúa os feitos probados, xa que as edificacións sobre as que se pretende actuar, pesa unha orde de demolición por parte da APLU (resolución de 26 xullo de 2016).

- Solicita a revogación e deixar sen efecto a resolución de declaración de ineficacia.

Esta alegación debe ser desestimada polos razoamentos expostos no punto anterior, toda vez que non se pode actuar sobre unhas construcións sobre as que pesa unha orde de restitución e reposición ao seu estado orixinal ditada pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU).

Resulta probado que as obras que se pretenden realizar se atopan en zona de ocupación e uso do solo en zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre e contan cunha orde de demolición (POL/39/2014-RP1).

O artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, concede un prazo de un mes para a interposición do recurso de reposición.



Concello de Cangas

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local RESOLVE:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR o recurso de reposición interposto por M.C.C.S. contra a resolución de declaración de ineficacia da comunicación previa de data 26 de setembro de 2016, do expediente de comunicación previa para obras de reparación de paredes e substitución de cuberta en edificación, sita en Camiño da Fonte de Espiñeira-Aldán, confirmando dita resolución en todos os seus termos.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución aos interesados para os efectos oportunos, coa indicación de que este acordo pon fin á vía administrativa e cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14º.3º. da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto no artigo 4 6.1 da citada lei.

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.656.- A R.P.Q., para restauración de mallazo de cerramento en Castro-Miranda-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.016.- A L.P.S., para cubrición de terraza de vivenda existente na Avda. José Novas, nº 74-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 26.169.- A M.I.L.F., para reparacións interiores e exteriores en vivenda existente en Praia de Vilariño, nº 34-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.178.- A COMUNIDADE PROPIETARIOS "EDIFICIO CISNE", para pintado de fachadas de edificación sita na Avda. de Vigo, nº 33-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.180.- A M.I.G.O., para saída de fumes de estufa pellet en edificación existente en rúa Félix Ozámiz, nº 43-Cangas.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 26.181.- A J.R.O.G., para cerramento parcial de parcela e reparación de cuberta plana en edificación anexa, no lugar de Camiño Laguiños, nº 11-Vilanova-O Hío.

FACENDA

6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal e Oficina Técnica Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO
FORMATO VERDE, SL	GARANTÍA	3.560,30 €	CONTRATO DE INSTALACIÓN DE AUTOCOMPACTADOR SOTERRADO

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

7.A) DACIÓN DE CONTA DE AUTO DITADO POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (P.O. Nº 4666/1991)

Dáse conta dos datos correspondentes ao Auto ditado pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario nº 4666/1991, promovido por J.N.V., que son como seguen:

"PO 4666/1991 - AUTO DITADO POLO T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 2.

- A persoa recorrente: J.N.V.

- Contido: desestímase o recurso de reposición respectivamente interposto pola representación da comunidade de propietarios, do edificio da rúa Noria, nº 4- Cangas, contra o auto de 7 de xullo de 2016; procede requirir a dito concello a fin de que proceda a actuar na forma disposta no fundamento xurídico da presente resolución.

- Non se condena en custas.



Concello de Cangas

- Cabe interpoñer recurso de casación contra o presente Auto".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do Auto ditado pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaído no procedemento ordinario nº 4666/1991, promovido por J.N.V.

SEGUNDO.- Que polo departamento de Urbanismo se realicen os trámites pertinentes para interpoñer recurso de casación contra o auto referido.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

7.B) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA (P.O. Nº 90/2015)

Dáse conta dos datos correspondentes á Sentenza nº 267/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 90/2015, promovido por L.R.T., que son como seguen:

"-PO 90/2015.- SENTENZA Nº 267/2016 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3-PONTEVEDRA

- A persoa recorrente: L.R.T.

- Contido: estima o recurso contencioso-administrativo tramitado como PO nº 90/2015, a instancia de L.R.T. fronte ao Concello de Cangas contra o acordo de 22.12.2014 da Xunta de Goberno Local ditado no expediente nº 25.062, desestimatorio do recurso de reposición formulado contra o acordo da propia Xunta de 22.09.2014 polo que se lle outorga licenza de obras (nº 24.047] a 'Amgecabe SL', para a construción de unha edificación comercial destinada a supermercado de alimentación, no lugar de 1ª Travesía Xosé María Castroviejo e Camiño do Meiral-Coiro, de conformidade co proxecto básico do arquitecto J.R.L. de xuño de 2014 e acceso a este, de conformidade co proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico superior de camiños, canais e portos, F.J.C.L.A., visado en xuño de 2014.

- Declara dita resolución contraria a Dereito e a revoga, sen condena en custas.

- A sentenza non é firme e cabe interpoñer recurso de apelación".



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 267/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 90/2015, promovido por L.R.T.

SEGUNDO.- Que polo departamento de Urbanismo se realicen os trámites pertinentes para interpor recurso de casación contra a sentenza referida.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

7.C) DACIÓN DE CONTA DE AUTO DITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA (P.O. Nº 93/2005)

Dáse conta dos datos correspondentes ao Auto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaído no procedemento ordinario nº 93/2005, promovido pola "Asociación de Veciños Barrio Portela"; C.S.R., que son como seguen:

"- PO 93/2005. - INCIDENTE DE EXECUCIÓN Nº 93/05-1-C.- PEZA EXECUCIÓN Nº 21/09.-AUTO DITADO POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO, Nº 1 DE PONTEVEDRA

- A persoa recorrente: 'ASOCIACIÓN DE VECIÑOS BARRIO PORTELA'; C.S.R.

- Contido: desestímase o incidente promovido pola representación procesal da mercantil 'PREFABRICADOS LUIS BARROS, SL'.

- Sen imposición de custas a ningunha das partes.

- Cabe interpoñer recurso de apelación".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do Auto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaído no procedemento ordinario nº 93/2005, promovido pola "Asociación de Veciños Barrio Portela"; C.S.R.



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Que polo departamento de Urbanismo se realicen os trámites pertinentes para interpor recurso de casación contra a sentenza referida.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

8.A) PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 24.11.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a C.V.D., co expediente nº 36008/01/002194-55959, a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atención de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

- Número de horas mensuais: 9 horas.

Custo do servizo: cento dez euros con trinta e catro céntimos (110,34 €) (doce euros con vinte e seis céntimos 12,26 €/hora).

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de setecentos trinta e cinco euros con cincuenta e catro



Concello de Cangas

céntimos (735,54 €/mes), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o coste do servizo de dous euros con catro céntimos (2,04 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: dezaoto euros con trinta e seis céntimos (18,36 €/mes).

Data prevista de alta no SAF: 2 de decembro de 2016".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

9º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ENSINO E DEPORTE S/APROBACIÓN DEFINITIVA DA 2ª LISTA DE AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR-CURSO 2016/2017

Examinada a proposta do día 23.11.2016 do concelleiro de Ensino e Deporte, referente a aprobación definitiva da 2ª lista de axudas do Servizo de Comedor Escolar-curso 2016/2017, que é como segue:

"3ª PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2016/2017

Xoán Carlos Chillón Iglesias, concelleiro de Ensino e Deportes do Concello de Cangas, PROPÓN:

Á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva da 2ª lista de axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP Nazaret, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa, para o curso 2016-2017.

Nº REXIS-TRO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDOS, NOME USUARIO/A COMEDOR	CENTRO DOCENTE CEIP	PRAZA	BONIFICACIÓN	IMPORTE AXUDA PROPOSTA	RESOLUCIÓN	MOTIVO
14939	M.M.E.	G.M.I.	A Rúa	FIXA	100%	315,81 €	CONCEDIDA."	Emerxencia social
14939	M.M.E.	G.M.D.	A Rúa	FIXA	100%	315,81 €	CONCEDIDA."	Emerxencia social

As menores poderán incorporarse ao servizo de comedor escolar a partir do 1 de decembro de 2016".



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Ensino e Deporte, referente a aprobación definitiva da 2ª lista de axudas do Servizo de Comedor Escolar-curso 2016/2017.

10º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA FEMP S/AXUDA CONCEDIDA PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA "SERVIZO RESPONSABLE" (PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS)

Dáse conta de escrito do día 16.11.2016 da Secretaría Xeral da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), na que comunica ao Concello de Cangas da concesión de axuda por importe de oito mil cincocentos euros (8.500,00 €) para a posta en marcha do programa "SERVIZO RESPONSABLE" (PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento da concesión de axuda por importe de oito mil cincocentos euros (8.500,00 €) para a posta en marcha do programa "SERVIZO RESPONSABLE" (PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS), así como a aceptación da axuda de referencia.

PERSOAL

11º.- COMUNICACIÓN DE XUBILACIÓN DE PERSOAL MUNICIPAL

11.A) ESCRITO DE J.R.R.M.

Dáse conta do escrito presentado o día 17.11.2016 por J.R.R.M., no que comunica que como persoal municipal do Concello de Cangas, coa categoría de auxiliar administrativo, dá por finalizada o día 15.02.2017 a súa vida laboral.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda que polo departamento de Persoal se proceda a tramitar a baixa laboral por xubilación regulamentaria a partir do día 15.02.2017 no Concello de Cangas e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.



Concello de Cangas

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN Nº 2-LIQUIDACIÓN, FACTURA E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA "ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO"

Examinada a certificación ordinaria nº 2-final-liquidatoria do día 28.11.2016 da empresa "CIVIS GLOBAL, SLU", así como a factura nº 269 do día 28.11.2016 e a acta de recepción da mesma data, correspondentes á obra "Acondicionamento para unha imaxe común do mercado", que ascenden a un importe total de trinta e un mil catrocentos corenta e un euros con oitenta céntimos (31.441,80 €).

Dáse conta, así mesmo, de informe favorable emitido o día 28.11.2016 pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación ordinaria nº 2-final-liquidatoria do día 28.11.2016 da empresa "CIVIS GLOBAL, SLU", así como a factura nº 269 do día 28.11.2016 e a acta de recepción da mesma data, correspondentes á obra "Acondicionamento para unha imaxe común do mercado".

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da empresa "CIVIS GLOBAL, SLU, polo importe total de trinta e un mil catrocentos corenta e un euros con oitenta céntimos (31.441,80 €) correspondente á certificación ordinaria nº 2-final-liquidatoria do día 28.11.2016 da empresa "CIVIS GLOBAL, SLU", así como a factura nº 269 do día 28.11.2016 e a acta de recepción da mesma data.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal, Tesourería, Subvencións, así como á empresa adxudicataria.

B) APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN ÚNICA, FACTURA E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA "SERVIZOS PARA OS CLIENTES E ESPAZOS MULTIFUNCIONAIS"



Concello de Cangas

Examinada a certificación ordinaria única do día 28.11.2016 da empresa "CIVIS GLOBAL, SLU", así como a factura nº 270 do día 28.11.2016 e a acta de recepción da mesma data, correspondentes á obra "Servizos para os clientes e espazos multifuncionais", que ascenden a un importe total de vinte e cinco mil sesenta e dous euros con catorce céntimos (25.062,14 €).

Dáse conta, así mesmo, de informe favorable emitido o día 28.11.2016 pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación ordinaria única do día 28.11.2016 da empresa "CIVIS GLOBAL, SLU", así como a factura nº 270 do día 28.11.2016 e a acta de recepción da mesma data, correspondentes á obra "Servizos para os clientes e espazos multifuncionais".

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da empresa "CIVIS GLOBAL, SLU, polo importe total de vinte e cinco mil sesenta e dous euros con catorce céntimos (25.062,14 €) correspondente á certificación ordinaria única do día 28.11.2016 da empresa "CIVIS GLOBAL, SLU", así como a factura nº 270 do día 28.11.2016 e a acta de recepción da mesma data.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal, Tesourería, Subvencións, así como á empresa adxudicataria.

C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DA OBRA "RENOVACIÓN URBANA DAS RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO"

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 24.11.2016, referente a adxudicación da obra "RENOVACIÓN URBANA DAS RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO", que di o seguinte:

"ADXUDICACIÓN DA OBRA 'RENOVACIÓN URBANA DAS RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO'

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de obra 'Renovación urbana das rúas Hospital, Lúa e Lirio'.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'SESTRAMA 09, SL', por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.



Concello de Cangas

Visto que esta empresa chegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu (entrada nº 115656 do día 18.11.2016) relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de catro mil sesenta e catro euros con cincuenta e oito céntimos (4.064,58 €) en forma de seguro de caución.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'SESTRAMA-09, SL', o contrato de obra 'Renovación urbana das rúas Hospital, Lúa e Lirio', por importe de noventa e oito mil trescentos sesenta e dous euros con noventa céntimos (98.362,90 €) (21% de IVE incluído) coas seguintes especificacións da súa oferta:

• Melloras ofertadas:

o 10 ud. Farola luminaria + brazo.

o 500 m² de solado P. granito 5 cm. c/xunta.

o 10 Xardineiras pedra granito 65 cm x 65 cm x 0,55 cm.

• Prazo de execución: 80 días.

• Ampliación do prazo de garantía: 60 meses a maiores dos 12 que recolle o proxecto, polo que esta obra terá un prazo total de garantía de 72 meses.

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 1532.639 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar a 'SESTRAMA-09, SL', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Cuarto.- Nomear á arquitecta municipal María Isabel Medraño Fariña, directora facultativa da obra e coordinadora de seguridade e saúde.

Quinto.- Notificar, nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP, a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.

Sétimo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como á directora de obra".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar



Concello de Cangas

integramente a proposta transcrita anteriormente referente a adxudicación da obra "RENOVACIÓN URBANA DAS RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO".

D) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE "IMPARTICIÓN DE CURSOS DEDICADOS A PERSOAS MAIORES"

Dáse conta de Decreto da Alcaldía do día 22.11.2016, referente a adxudicación do contrato de servizo de "IMPARTICIÓN DE CURSOS DEDICADOS A PERSOAS MAIORES", que é como segue:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de servizo de "Impartición de cursos dedicados a maiores".

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'IBÉRICA SOLUCIONES FORMATIVAS Y CONSULTORÍA SL', con NIF nº B-85627941, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación requirida (entrada nº 15742 do día 21.11.2016) relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de mil cincocentos doce euros con oito céntimos (1.512,08 €) en forma de aval bancario.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Revogar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar o presente contrato.

Segundo.- Adxudicar á empresa 'IBÉRICA SOLUCIONES FORMATIVAS Y CONSULTORÍA SL', con NIF nº B-85627941, o contrato de servizo de "Impartición de cursos dedicados a persoas maiores" cun custo de catorce euros con setenta e sete céntimos (14,77 €) por monitor/hora mailo 21% de IVE (tres euros con un céntimo 3,01 €) o que fai un total de dezasete euros con oitenta e sete céntimos (17,87 euros/monitor/hora).

Tendo en conta que o número de horas previsto son dúas mil corenta e sete con cincuenta (2.047,50) o importe máximo do contrato ascende á cantidade



Concello de Cangas

de trinta e seis mil cincocentos oitenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (36.588,82 €) (IVE incluído).

Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 231.22609 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a 'IBÉRICA SOLUCIONES FORMATIVAS Y CONSULTORÍA SL', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Quinto.- Nomear responsable do contrato ao director do CMBS, Estanislao Grana García, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto.- Notificar nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo ao responsable do contrato, aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico e dar conta deste á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento do Decreto da Alcaldía transcrito anteriormente, referente a adxudicación do contrato de servizo de "IMPARTICIÓN DE CURSOS DEDICADOS A PERSOAS MAIORES".

E) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA, URBANISMO E PATRIMONIO S/REGULARIZACIÓN DO CEMITERIO DE DARBO II

Dáse conta de proposta do día 28.11.2016 do concelleiro de Facenda, Urbanismo e Patrimonio, referente a regularización do Cemiterio de Darbo II, que é como segue:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA, URBANISMO E PATRIMONIO SOBRE REGULARIZACIÓN DO CEMITERIO DE DARBO II

Visto o Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 237, de cuxa disposición adicional primeira se establece o procedemento extraordinario para a regularización de cemiterios municipais sen autorización sanitaria.



Concello de Cangas

Vista a instancia presentada polo propietario da ampliación do Cemiterio de Darbo, F.P.B., en representación de 'CANTYCONS, SL', en data 10.02.2016, rexistro de entrada nº 1584, solicitando a tramitación do correspondente expediente para obter a autorización sanitaria.

Interesando ao Concello a regularización sanitaria do Cemiterio de Darbo II.

Visto canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

PRIMEIRO.- Tramitar o procedemento extraordinario para a regularización do Cemiterio de Darbo II sen autorización sanitaria, previsto no Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 237, de conformidade co previsto na súa disposición adicional primeira e a documentación elaborada polos servizos técnicos municipais.

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública por período de dez días hábiles mediante anuncio publicado no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO.- Remitir o expediente, unha vez rematada a instrución, á persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de Sanidade".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Facenda, Urbanismo e Patrimonio, referente a regularización do Cemiterio de Darbo II.

F) DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DE RENUNCIA DO CONCELLO DE CANGAS Á SUBVENCIÓN CONDEDIDA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA "ACONDICIONAMENTO DO PASEO PRAIA DA CONGORZA-PRAIA DE AREAMILLA"

Dáse conta de escrito (RE nº 15666 do 18.11.2016) do alcalde do Concello de Cangas, referente a renuncia de axuda concedida pola Axencia de Turismo de Galicia, que é como segue:

"Nº EXPEDIENTE: TU 501A 2016-021/4

Con relación na resolución definitiva de concesión de axuda, ao abeiro da Resolución da Axencia de Turismo de Galicia do 19.02.2016, para o acondicionamento do Paseo Praia da Congorza-Praia de Areamilla, ao Concello



Concello de Cangas

non lle é posible a súa execución para poder cumprir co prazo da justificación da axuda concedida, polo que achegamos asinado o modelo IV”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento do escrito referido.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente